



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2018

Instituto da Lingua Galega

Edita
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
A Coruña

Correo electrónico: ilgsec@usc.es

Páxina web: <http://ilg.usc.gal/>

Teléfonos

+34 8818 12815

+34 8818 12802

Fax

+34 81572770

Maquetación
Raquel Vila-Amado

Universidade de Santiago de Compostela, marzo de 2019

Índice

LIMIAR.....	5
RELACIÓN DE LIÑAS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN	7
A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG	7
1. ARQUIVO DO GALEGO ORAL (AGO)	7
2. ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO (ALGa)	9
3. CAMBIO LINGÜÍSTICO E CONTACTO DE LINGUA NA XUVENTUDE.....	12
4. COLECCIÓN DIPLOMÁTICA DE DOCUMENTOS GALEGOS MEDIEVAIS.....	14
5. CONSTRUCIÓNS VERBAIS E SINTAXE DA ORACIÓN (ConVerSO)	14
6. CONTACTO E CAMBIO LINGÜÍSTICO EN GALEGO.....	15
7. CORPUS DE TEXTOS ANTIGOS DA GALIZA (COTAGAL)	16
8. CORPUS INFORMATIZADO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (CGPA)	17
9. CORPUS ORAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (CORILGA)	17
10. CORPUS PARA A ANÁLISE DE DIFICULTADES NA PRODUCCIÓN ESCRITA EN LINGUA GALEGA.....	18
11. DICCIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS	19
12. EDICIÓN E ELABORACIÓN DOS MATERIAIS GALEGOS DO ALPI (ATLAS LINGÜÍSTICO DE LA PENÍNSULA IBÉRICA)	20
13. GONDOMAR. CORPUS DIXITAL DE TEXTOS GALEGOS DA IDADE MODERNA. CATALOGACIÓN, MULTIEDICIÓN, GLOSARIO E ESTUDO	21
14. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA	22
15. INVENTARIO TOPONÍMICO DA GALICIA MEDIEVAL (ITGM)	22
16. LÉXICO PATRIMONIAL (GALICIA - PORTUGAL - BRASIL)	22
17. PLATAFORMA DE DOCUMENTACIÓN E ANÁLISE DE DATOS DIALECTAIS PERCEPTIVOS.....	24
18. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS	25
19. TESOURO INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA 4.1 (TILG).....	26
20. O PATRIMONIO LÉXICO DA GALLAECIA (PILOTO 4, NO MARCO DE GEOARPAD. PATRIMONIO CULTURAL DA EURORREXIÓN GALICIA – NORTE DE PORTUGAL: VALORACIÓN E INNOVACIÓN	26
B. PROXECTOS PROMOVIDOS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS	28
1. CORPUS DE REFERENCIA DO GALEGO ACTUAL (CORGA)	28
CONSULTAS DA PÁXINA WEB DO CENTRO	29
ORGANIZACIÓN DE CURSOS, CONFERENCIAS E ENCONTROS LINGÜÍSTICOS	31
A. V COLOQUIO DE LINGÜÍSTICA HISTÓRICA	31
B. SIMPOSIO ILG 2018: VARIACIÓN LINGÜÍSTICA EN CONTACTO NA PENÍNSULA IBÉRICA	32
C. XXXI CURSO DE LINGUA E CULTURA GALEGA “GALEGO SEN FRONTEIRAS”	34

A ACTIVIDADE DOS INVESTIGADORES	35
A. CONFERENCIAS E COMUNICACIÓNS EN CONGRESOS E ENCONTROS CIENTÍFICOS	35
B. CURSOS E SEMINARIOS	42
C. COMITÉ CIENTÍFICO E DE REDACCIÓN DE REVISTAS E COLECCIÓN	44
D. PUBLICACIÓNS E RECURSOS DIXITAIS	48
PUBLICACIÓNS DO ILG OU DERIVADAS DE ENCONTROS ORGANIZADOS POLO ILG	48
RECURSOS DIXITAIS	51
PUBLICACIÓNS DO PERSOAL DO ILG	51
<i>ACTAS EN CONGRESOS.....</i>	<i>51</i>
<i>CAPÍTULOS DE LIBRO.....</i>	<i>51</i>
<i>LIBROS.....</i>	<i>54</i>
<i>ARTIGOS EN REVISTAS</i>	<i>54</i>
<i>EDICIÓNS E NÚMEROS ESPECIAIS DE REVISTAS</i>	<i>56</i>
<i>RECENSIÓNS.....</i>	<i>56</i>
E. TESES EN CURSO DIRIXIDAS POR MEMBROS DO ILG	57
F. TESES DEFENDIDAS.....	58
G. ESTADÍAS EN CENTROS DE INVESTIGACIÓN	58
H. COMUNICACIÓNS PRESENTADAS NO ILG	58
I. VISITAS DE INVESTIGADORES	59
L. PARTICIPACIÓN NA ORGANIZACIÓN DE ENCONTROS CIENTÍFICOS	59
M. ACTIVIDADES RELACIONADAS CON ENSINO MEDIO	60
N. ACTIVIDADES E PUBLICACIÓNS DE CARÁCTER DIVULGATIVO.....	61
Ñ. CONTRATOS PREDOUTORAIS	62
O. PARTICIPACIÓN EN REDES E GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DOS INVESTIGADORES VINCULADOS	62
 CONVENIOS, CONTRATOS E CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL	 65
A. CONVENIOS E CONTRATOS	65
B. CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL: ORGANIZACIÓNS SOCIAIS, ACADÉMICAS ETC.	65
C. PREMIOS, NOMINACIÓNS, RECOÑECEMENTOS ETC.	68
 RESUMO ECONÓMICO 2018	 69
 RELACIÓN DE RECURSOS DO ILG	 71
 PERSOAL	 73

Limiar

Presentamos perante o Consello de Goberno da Universidade, para a súa aprobación, a memoria que recolle as actividades desenvolvidas polo Instituto durante o ano 2018, dando cumprimento ao establecido na normativa que regula o funcionamento e a acción do Instituto da Lingua Galega, en particular o seu regulamento de réxime interno, e mais os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela. Esta memoria foi aprobada polo Consello Científico do Instituto na reunión celebrada o pasado 15 de marzo de 2019, e presentada á súa Xunta de Goberno, que acordou ratificala por unanimidade na reunión celebrada o día 22 de marzo de 2019. Este acto, ademais de ser unha obriga normativa, obedece á vontade de dar conta do traballo realizado e á transparencia necesaria nun centro de investigación que é financiado fundamentalmente con fondos públicos.

Durante esta anualidade a actividade deste instituto estivo centrada no desenvolvemento de diferentes proxectos, que en parte son continuación dos que se viñan realizando en anos anteriores, mais tamén se produciu a incorporación de novas liñas de traballo. Por unha parte, dous dos proxectos que figuran na memoria anual están xa finalizados e pasan a ser recursos á disposición de investigadores e de persoas interesadas de maneira pública e aberta. Trátase de *Gondomar: corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna* e do *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG)* (versión 4.1), consultables nos enderezos <http://ilg.usc.gal/gondomar/> e <http://ilg.usc.gal/TILG/>, respectivamente. Por outro lado, continuaron desenvolvéndose as liñas abertas no ano anterior sobre cuestións relacionadas co cambio lingüístico e co contacto de linguas na xuventude, vinculado co proxecto *Contacto e cambio lingüístico no galego*, financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). De igual xeito, continuaron os traballos iniciados no ano anterior sobre a competencia lingüística no alumnado de ensino medio, liña recollida no convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Prevese que nos próximos anos esta liña, situada nun marco de investigación sobre usos, actitudes e competencias da xuventude actual, se amplíe e alcance un maior desenvolvemento, de maneira que os seus resultados poidan encontrar aplicación no ámbito da planificación lingüística e do ensino e aprendizaxe da lingua galega, sexa como L1 ou como L2. Así mesmo, tiveron continuidade neste período os diferentes proxectos que se recollen nas páxinas desta memoria.

No ano 2018 presentouse na Universidade do Rio de Janeiro unha tese de doutoramento sobre sintaxe da lingua galega codirixida por un doutor do ILG, Francisco Cidrás Escáneo e situada dentro do marco de cooperación que se vén desenvolvendo nos últimos anos con grupos de universidades brasileiras. Esta colaboración con universidades brasileiras tamén tivo o seu reflexo nas tres estadias de investigación realizadas por investigadoras brasileiras no Instituto da Lingua Galega durante este ano: Hélen da Silva, da Universidade Estadual do Paraná / Universidade Estadual de Londrina, Marilucia Barros de Oliveira, da Universidade Federal do Pará e mais Valéria Gil Condé, da Universidade de São Paulo. Como xa vén sendo habitual, tamén realizaron estadias investigadores de universidades norteamericanas (William Haddican, do Queens College, CUNY) e europeas (Facundo Reyna Muniain, da Universität Bremen e da Christian Albrechts Universität zu Kiel).

Por outra parte, o ILG celebrou o simposio correspondente a 2018 co tema *Variedades lingüísticas en contacto na Península Ibérica*, organizado por Francisco Dubert, Xulio Sousa e Vítor Míguez, que contou coa presenza de destacadas figuras de universidades españolas, portuguesas e alemás. Tamén organizou, xunto coa Real Academia Galega, a 31ª edición do Curso de verán “Galego sen fronteiras” de lingua e cultura galegas, que contou coa partici-

pación de 72 estudantes procedentes de 25 países diferentes. Por outra parte, a rede Tecnoloxía e Análise de Datos Lingüísticos (Tecandali), coordinada polo ILG, celebrou no Consello da Cultura Galega a xornada *Para que serven os datos lingüísticos?*, na que se presentaron algúns resultados de proxectos interdisciplinares desenvolvidos no seo desta rede e tamén se realizaron algúns avances de posibles colaboracións futuras. Ademais, continuouse coa celebración de conferencias abertas a toda a comunidade universitaria.

Os proxectos desenvolvidos no Instituto da Lingua Galega e mais os resultados da investigación levada a cabo no centro presentáronse en numerosos congresos e eventos, así como nun número importante de publicacións en revistas e libros colectivos. No tocante a estas últimas, cabe destacar a publicación do volume *Antroponimia e lexicografía*, editado por Ana Isabel Boullón Agrelo, que parte das conferencias presentadas no Simposio correspondente a 2016, así como do primeiro número especial de *Estudos de Lingüística Galega*, editado por Francisco Cidrás, Francisco Dubert e Xosé Luís Regueira. O número leva por título *Gramáticas en tránsito: variación e mudanza no sistema lingüístico galego-portugués* e recolle traballos de expertos brasileiros, portugueses e galegos. Publicouse así mesmo o número ordinario desta revista, que celebrou o seu décimo aniversario. Neste ano apareceu tamén publicado un número da revista *LaborHistórico*, da Universidade Federal do Rio de Janeiro, dedicado especialmente *ás investigacións levadas a cabo no Instituto da Lingua Galega*; este número foi editado por Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo.

O exposto anteriormente son algúns destaques do traballo levado a cabo durante o ano 2018, e que poden ser indicadores do compromiso deste Instituto coa lingua galega, co traballo universitario e coa investigación lingüística. Débese sobre todo ao esforzo e ao alento de todo o persoal que tomou parte nos proxectos, tanto persoal contratado e persoal en formación coma persoal investigador universitario. Mais estes resultados foron posibles tamén grazas ao traballo conxunto con equipos doutras áreas da Universidade de Santiago de Compostela e doutras universidades, que nos permitiron cumprir coa nosa vocación de interdisciplinariedade e de construción de sinerxías, un camiño no que vimos traballando nos últimos anos e que sen dúbida ampliaremos no futuro.

Por outra parte, queremos sinalar tamén a importancia do apoio constante de toda a Universidade de Santiago de Compostela para a consecución destes resultados, así como doutras institucións, nomeadamente a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Xunta de Galicia, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, a Fundación Barrié, a Deputación da Coruña e a Fundación Rosalía de Castro, entre outras. O seu apoio continuado e a súa colaboración fan posible que poidamos afrontar os retos que se nos presentan e que poidamos encarar o futuro con confianza.

Xosé Luís Regueira Fernández
Director

Relación de liñas e proxectos de investigación

PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG

1. ARQUIVO DO GALEGO ORAL (AGO)

IP: Francisco Fernández Rei

EQUIPO INVESTIGADOR: Concepción Álvarez Pousa, Carme Ares Vázquez, Xosé Henrique Costas González, Xosé Manuel Dopazo Entenza, Carme Hermida Gulías, Xavier Varela Barreiro

INFORMÁTICA: Noemí Varela Rodríguez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/ago/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

O equipo encargado do proxecto do *Arquivo do Galego Oral* desenvolveu durante o ano 2018 as seguintes actividades:

1. Realizáronse novas transcricións de gravacións con diversos temas e de distintas procedencias. De entre elas, 21 están xa rematadas e pódense visitar na web do AGO (<http://ilg.usc.gal/ago>) e 9 máis están á espera de poder penduralas. Na páxina pódese acceder tanto ao audio coma aos dous tipos de transcripción (semifonolóxica e normativizada) correspondentes. Entre elas pódense atopar varias gravacións de concellos fronteirizos con Portugal e outras do galego de Asturias, do Bierzo e de Zamora.
2. Procedeuse ao aliñamento do audio coa súa transcripción en 30 textos dos xa incluídos no AGO co programa ELAN.
3. Continuouse co labor de mantemento da páxina web para permitir a consulta en liña das versións multimedia dos textos do arquivo que xa están dispoñibles.
4. Procedeuse á catalogación e arquivo de novas gravacións cun total de 9 casetes de galego culto e 19 rexistros de galego común. Todas son doazóns de audios gravados na década de 1990. Alén disto, tamén se realizaron 10 novas gravacións na actualidade, das que 5 son de xente nova.
5. No relativo á utilización do material como ferramenta didáctica no ensino, cómpre salientar a cesión de materiais do AGO que se atopan na rede á profesora Pilar Buena Piedra para a realización dun traballo de carácter exclusivamente educativo e que ten, entre outros obxectivos, a descrición das variedades dialectais do galego. Este traba-

llo, que xa está rematado, destinarase ao ensino secundario e prevese que estea dispoñible no primeiro semestre do 2019 no repositorio de contidos educativos Abalar, dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

6. Continuouse cos traballos de mantemento e organización do arquivo na base de datos de Access, que permite centralizar boa parte da información dispoñible sobre o fondo, nomeadamente arredor de 6500 fichas do subarquivo de etnotextos que se gravaron desde os anos 90 ata a actualidade.
7. Avanzouse na dixitalización do material en casete da década de 1980 e 1990 do galego estremeiro e introduciuse na base de datos. En total 14 rexistros dos anos 80 e 6 dos anos 90.

En relación co aproveitamento do proxecto cómpre ter en conta que a principal vía de difusión é a que se establece a través da páxina web (<http://ilg.usc.gal/ago>), mais tamén foron atendidas visitas ao fondo do AGO tanto de profesorado doutras universidades coma estudantes da USC e particulares, no edificio do ILG, onde se explicou a orixe, a actualidade e a utilidade do arquivo.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Álvarez Pousa, Concepción (2018): "As variedades vianesa e frieiresa-portelá do galego oriental e as súas afinidades co portugués", *Límite. Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonia* 11.2, 2017, 79-108.
- Álvarez Pousa, Concepción (2018): «A variedade galega da Terra de Viana do Bolo (Ourense) e as súas afinidades co portugués», en J. Veloso, J. Guimarães, P. Silvano e R. Sousa-Silva (coords.), *A linguística em diálogo. Volume comemorativo dos 40 anos do Centro de Linguística da Universidade do Porto*. Porto: Centro de Linguística da Universidade do Porto, 61-79.
- Álvarez Pousa, Concepción (2018): "As 'Médulas de Caldesiños', unha mostra da lingua oral da Terra de Viana do Bolo (Ourense)", en Pedro Tiago Martins e Carlos Silva (orgs.), *Segmentos de uma vida. Textos dedicados a João Veloso por ocasião do seu 50º aniversário*. Porto: Universidade do Porto, 35-40.
- Álvarez Pousa, Concepción (2018): "Laureano Prieto, mestre da vida e da cultura popular da Terra vianesa", *A Trabe de ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, 107, 43-66.
- Álvarez Pousa, Concepción (2018): "O vianés e o galego da área zamorana. Particularidades en común destas variedades do galego oriental", *XII Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudos Galegos, Novos horizontes para unha Galicia global: Redes, Territorio, Memoria*. Madrid, Asociación Internacional de Estudos Galegos, Universidad Complutense de Madrid, 10-15 de setembro de 2018.
- Costas González, Xosé Henrique (2018): "A recuperación léxica do val do río Ellas (Cáceres)", en M. González González / M^a D. Sánchez Palomino / I. Veiga Mateos (eds.), *Terminoloxía: a necesidade da colaboración*. Madrid, Frankfurt am Main: Iberoamericana, Vervuert, 369-381.
- Costas González, Xosé Henrique (2018): "As falas do Ellas: ausencia na escola e hibridación forzosa", en Ana Rita Carrilho et alii (orgs.), *Ao encontro das línguas ibéricas*. Covilhã: LusoSofia Press-Universidade da Beira Interior, 333-348. [www.lusofonia.net/textos/20181002-linguas_ibericas_2018.pdf]

- Costas González, Xosé Henrique (2018): “A pegada leonesa no valego do val do río Ellas”, en C. Alén Garabato e M. Brea (eds.): *Limba noastra-i o comoara... Estudos de sociolingüística románica en homenaxe a Francisco Fernández Rei*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 305-324.
- Costas González, Xosé Henrique (2018): “Os actuais subsistemas de sibilantes nas falas do val do río Ellas ou de Xálma e as dificultades para a súa normativización conxunta”, *Límite. Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía* 11.2, 2017, 111-132.
- Dopazo Entenza, Xosé Manuel (2018): *Voces de Bueu. Mosaico de Vivencias*. Bueu: Concello de Bueu.
- Dopazo Entenza, Xosé Manuel (2018): “As mulleres como motor de cambio”, *Aunios* 23, 24-26.
- Dopazo Entenza, Xosé Manuel (2018): “Influencia del español en el gallego de A Illa de Ons”, *VII Jornadas de Iniciación a la Investigación*. Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 12-15 de marzo de 2018.
- Fernández Rei, Francisco (2018): “O Arquivo do Galego Oral do Instituto da Lingua Galega”, en J. Veloso, J. Guimarães, P. Silvano e R. Sousa-Silva (coords.): *A linguística em diálogo. Volume comemorativo dos 40 anos do Centro de Linguística da Universidade do Porto*. Porto: Centro de Linguística da Universidade do Porto, 213-127.
- Hermida Gulías, Carme (2018): *Cacheiras. Retallos de vida. 1900-1961*. Santiago de Compostela: Meubook.

2. ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO (ALGA)

IP: Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei

EQUIPO INVESTIGADOR: Manuel González González, Xulio Sousa Fernández, Francisco Dubert García, Carme Hermida Gulías, Antón Santamarina, Xosé Manuel Dopazo Entenza, Lucía Doval Iglesias, Raquel Vila-Amado

INFORMÁTICA: César Osorio, Noemí Varela Rodríguez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/indices/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

O equipo encargado do devandito proxecto desenvolveu en 2018 as seguintes actividades:

1. Continuouse coa revisión final do volume VIII *Léxico. Agricultura (I)*, para o que se precisou un rigoroso proceso de adaptación dos mapas realizados na plataforma anterior ao novo sistema (InDesign para a elaboración de notas e lendas e Arc View para os mapas). Ademais, realizouse a revisión e a corrección de mapas e notas do volume VII *Léxico. O ser humano (II)*, fíxose a redacción e revisión da introdución do volume e a elaboración de índices. Igual que no volume VIII, foi moi laborioso o proceso final de adaptación do cartografado do volume VII ao novo sistema informático para poder preparar a súa publicación.
2. Continuouse coa corrección e depuración da base de datos informática co fin de eliminar os erros cometidos no seu día no proceso de introdución dos datos, tarefa imprescindible para poder xerar os mapas co mínimo número de erros posibles. Realizáronse as seguintes accións:

- Adaptación do complemento de ArcGIS que permite a xeración e edición de mapas no programa ArcMap. O traballo desenvolveuno o informático César Osorio. A utilización dunha nova versión (ArcGIS 10.1) obrigou a facer adaptacións no complemento que permite vincular o programa GIS coa base de datos do proxecto.
 - Elaboración das fontes de símbolos que se empregan na elaboración dos mapas. O traballo desenvolveuno César Osorio e supuxo a edición e modificación da serie de símbolos para que mellorase a visualización sobre o fondo do mapa.
 - Modificación do deseño da base de datos do proxecto. Coa colaboración de Noemí Varela, técnica informática do Instituto da Lingua Galega, iniciouse a modificación do deseño da base de datos actual do proxecto co fin de que fose posible utilizala nas novas versións do programa MSAccess. Este labor viuse interrompido pola renuncia do contrato da técnica a finais do pasado mes de xullo.
3. Continuouse coa actualización dos índices publicados no sitio web do ILG coa incorporación dos datos dos novos mapas. Xa se poden consultar vía web os datos correspondentes ao volume VI, o último dos publicados ata o de agora (<http://ilg.usc.es/indices/?v=6>). Nun prazo breve incorporaranse os datos do volume VII.
 4. Continuouse co mantemento e actualización da páxina web do proxecto do *Atlas Lingüístico Galego*.
 5. Verbo da colaboración con outros proxectos de xeografía lingüística do ámbito europeo (*ALE* e *ALIR*) e, nomeadamente, no ámbito lusófono, cómpre salientar a participación no *51st Editorial Board Meeting of the ALE* (Baia Mare, Romania, 27/06 a 01/07/2018), onde se revisaron os datos lingüísticos e etnográficos referidos ao galego dos seguintes mapas do *Atlas Linguarum Europae* (*ALE*): 082 *plantain* 'chantaxe', 271 *l'aire* 'a aira', 069 *seigle* 'centeo', 299 *jars* 'tarro', 159 *dent* 'dente', 342 *abeille* 'abella'.
No XXIII Convegno internazionale dell'*Atlas Linguistique Roman* (Torino, 5-7/09/2018) revisáronse os datos referidos ao galego das sínteses románicas dos mapas *champignon* 'champiñón', *coquelicot* 'mapoula', *éclats de bois* 'rachas de madeira', *écorce* 'casca (da árbore)', *scier* 'serrar', *prunellier* 'abruñeiro', *tarassaco* 'mexacán', *églantier* 'silvamar'.
No *Congresso Internacional em Variação Linguística nas Línguas Românicas* (Aveiro, 2-4/05/2018) analizouse o contínuum xeolectal constitutivo na Península Ibérica e nas *Jornadas em Variação e Cartografia Linguística* (Aveiro, 9/11/2018) o contínuum xeolingüístico do noroeste ibérico e a representación cartográfica da variación lingüística, tendo en conta datos do *ALGa*. Outras dúas contribucións centráronse na continuidade/discontinuidade entre o territorio galego e o territorio portugués (artigo en libro colectivo publicado na UBI e presentación na Univ. de Zürich).
 6. Progresouse coa explotación dos datos do *ALGa* xa publicados e, en especial, coa liña de análise cuantitativa da base de datos a cargo de Francisco Dubert García e de Xulio Sousa, que veñen tratando esta liña de investigación desde 2016. Espérase que no ano en curso apareza publicado na *Zeitschrift für Dialektologie und Linguistik* un traballo de cuantificación dos devanditos membros do proxecto do *ALGa*.
 7. No que respecta á redacción de 120 mapas (elaboración cartográfica, lendas e mapas) dos volumes que están en vía de elaboración e a súa adaptación ao novo sistema informático (InDesign e Arc View) a que se fixo referencia no apartado 1, os principais resultados do presente ano son os seguintes:
-No vol. VIII *Agricultura (I)* revisáronse e adaptáronse 158 mapas correspondentes a *A terra e o cultivo* (18), *Preparación da terra* (31), *A sementeira e o cultivo (de cereais e as patacas)* (86), dos que 6 mapas están pendentes dalgunhas decisións metodolóxicas, e *Herba* (23). A relación destes 158 mapas figura no Anexo 1.

-No vol. IX *Fauna* fíxose a primeira redacción de 28 mapas con lendas e notas para completar os mapas cartografados do campo semántico da *vaca*; e adaptáronse ao novo sistema informático 43 mapas de insectos, réptiles e outros invertebrados, dos que se realizou a versión definitiva de lendas e notas, á vez que se fixo a primeira versión de 3 mapas dos invertebrados. A relación destes 74 mapas figura no Anexo 2.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- Álvarez, Rosario (2018): "Galego e portugués. Afinidade e diverxencia", en Ana Rita Carrilho *et alii*, *Ao encontro das línguas ibéricas*. Covilhã: LusoSofia Press - Universidade da Beira Interior, 51-80.
- Álvarez, Rosario (2018): "Ás dúas beiras do Miño/Minho: fonética galega e fonética portuguesa". *Português. Identidades. Fonéticas*. Zürich, Cátedra Carlos de Oliveira, Romaniches Seminar - Universität Zürich, 20-21 de abril de 2018. [<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/16705>].
- Dubert García, Francisco (2018). Membro do comité organizador do *Simposio ILG 2018: Variedades lingüísticas en contacto na Península Ibérica*. 12-14 de novembro do 2018. Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega.
- Dubert García, Francisco / Juan Carlos Acuña-Fariña (2018): "Restructuring and complexification of inflectional morphology under linguistic contact: the case of a Galician dialect", en Alejandro Cuza / Pedro Guijarro-Fuentes (eds.), *Language Acquisition and Contact in the Iberian Peninsula*. Berlín: De Gruyter Mouton, 187-213. DOI: <https://doi.org/10.1515/9781501509988-008>
- Dubert García, Francisco (2018): "Liberarse das fronteiras. O contínuum xeolingüístico do noroeste ibérico", *I Jornadas em Variação e Cartografia Linguística*. Aveiro, Universidade de Aveiro, 9 de novembro de 2018.
- Dubert García, Francisco (2018): "Evolución autónoma e contacto cos romances centrais na constitución histórica do galego", *III North American Symposium of Galician Studies: Galician Studies Moving West*. Denver, Regis University / Metropolitan State University of Denver / Colorado College, 18-20 de outubro de 2018.
- Dubert García, Francisco (2018): "Contínuum xeolectal constitutivo no Península Ibérica", *Congresso Internacional em Variação Linguística nas Línguas Românicas*. Aveiro, Universidade de Aveiro, 2-4 de maio do 2018.
- Fernández Rei, Francisco (2018): "O *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*. Orixe, resultados inmediatos e cartografado do material", *I Ciclo de conferencias: Lingua galega e dialectoloxía*, Vigo, Universidade de Vigo, 24 de abril de 2018.
- Fernández Rei, Francisco (2018): "A codificación do galego moderno. O papel do Instituto da Lingua Galega e da Real Academia Galega nese proceso", en Javier Giralt Latorre e Francho Nagore Laín (eds), *Lenguas minoritarias de España y estandarización*. Zaragoza: Pressas de la Universidad de Zaragoza, 77-112. [https://www.academia.edu/37103961/LENGUAS_MINORITARIAS_EN_EUROPA_Y_ESTANDARIZACION?auto=download]
- Fernández Rei, Francisco (2018). Coordinador da mesa redonda "Proxectos internacionais en curso no ámbito da Lingüística Románica" nas *Xornadas de Lingüística Románica*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 14-15 de novembro do 2018.

- Ginzo, María José / Xulio Sousa (2018): "De palabras a números: a análise cuantitativa de datos lingüísticos", *Para que serven os datos lingüísticos?*, Santiago de Compostela, Rede TecAnDaLi / Consello da Cultura Galega, 29 de novembro de 2018.
- González González, Manuel (2018): Participación no 51ST Editorial Board Meeting of the ALE, Baia Mare, Romania, North University Center, 27 de xuño a 1 de xullo do 2018.
- González González, Manuel (2018): Participación no XXIII Convegno internazionale dell'Atlas Linguistique Roman, Torino, 5-7 setembro 2018.
- González González, Manuel (2018): "El Atlas Lingüístico de Galicia", *Geolingüística peninsular: investigaciones en curso*. Madrid, CSIC, 28 de setembro de 2018.
- González González, Manuel (2018): "Dous proxectos románicos: o ALiR e o AMPER". Tema da participación na mesa redonda, coordinada por Francisco Fernández Rei, "Proxectos internacionais en curso no ámbito da Lingüística Románica" nas *Xornadas de Lingüística Románica*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 14-15 de novembro de 2018.
- González González, Manuel (2018): "A Base de datos do ALiR". Tema da participación na *Xornada de presentación de proxectos lingüísticos*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en humanidades, 21 de novembro do 2018.
- Sousa, Xulio (2018): "El ALPI y el gallego del siglo XX", *Geolingüística peninsular: investigaciones en curso*, Madrid, CSIC, 28 de setembro de 2018.
- Sousa, Xulio (2018): "A representación cartográfica da variación lingüística como método de investigación", *I Jornadas em Variação e Cartografia Linguística*. Aveiro, Universidade de Aveiro, 9 de novembro do 2018.

3. CAMBIO LINGÜÍSTICO E CONTACTO DE LINGUA NA XUVENTUDE

IP: Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Elisa Fernández Rei, Xosé Manuel Dopazo Entenza

INFORMÁTICA: Noemí Varela Rodríguez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Grupo GTM da Universidade de Vigo

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

Durante este ano continuouse coa gravación dun corpus de 100 frases foneticamente balanceadas en galego e castelán a estudantes universitarios. Polo momento están realizadas gravacións de alta calidade a 10 estudantes, que no próximo ano deberán ser ampliadas polo menos a outras 10 persoas. Está previsto completar estas gravacións, aínda que con menores requirimentos de calidade, ata conformar un corpus de 100 persoas novas de ambos os sexos e de diferentes ámbitos sociais. Este corpus dará lugar a traballos de análise contrastiva entre galego e español, para ver en que medida ambas as linguas seguen os mesmos patróns fónicos ou se diferencian na xente nova. Tamén será unha fonte relevante para as tecnoloxías da fala (recoñecedores e sintetizadores de voz).

Destas gravacións e doutros traballos conexos benefíciase tamen o proxecto Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega (CORILGA), que se desenvolve no ILG en colaboración co Grupo de Tecnoloxías Multimedia da Universidade de Vigo (Vid. *infra*).

Por outra parte Xosé Luís Regueira e Elisa Fernández Rei levaron a cabo un traballo de análise acústica de vogais tónicas e vogais finais e de patróns entoativos nas producións en

español e en galego dun grupo de falantes universitarias de diferentes dominancias lingüísticas (castelán, neofalantes, galego), e diferentes hábitats: urbano (Vigo, Ourense), semiurbano (vilas: Ribadeo, Vilalba) e rural (Tordoia). Os resultados serán publicados nun artigo que aparecerá nun libro especializado sobre fonética en situación de contacto lingüístico nunha editora internacional (John Benjamins).

Por outra parte, tamén se realizaron traballos sobre produción lingüística e identidade no discurso de neofalantes, con textos tomados e transcritos de intervencións públicas, ben en actos académicos ou en medios de comunicación. Os resultados foron presentados en congresos internacionais en Madrid e en Denver (Estados Unidos). Outro traballo sobre aspectos de lingua e identidade no discurso do chamado “galego internacional” foi presentado nun congreso internacional en Lisboa.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Cidrás, Francisco / Francisco Dubert / Xosé Luís Regueira (eds.) (2018): *Gramáticas en tránsito. Variación e mudanza no complexo lingüístico galego-portugués. Estudos de Lingüística Galega*, Número especial I, 268 pp.
- Fernández Rei, Elisa / Xosé Luís Regueira (2018): “Neofalantes e paleofalantes: a emerxencia de novas identidades sociolingüísticas”, no *XII Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudos Galegos, Novos horizontes para unha Galicia global: Redes, Territorio, Memoria*. Madrid, Asociación Internacional de Estudos Galegos, Universidad Complutense de Madrid, 10-15 de setembro de 2018.
- Regueira, Xosé Luís (2018): Organización do panel “Contacto e cambio lingüístico en galego / Linguistic Contact and Change in Galician Language”, *III North American Symposium of Galician Studies: Galician Studies Moving West*. Denver, Regis University / Metropolitan State University of Denver / Colorado College, 18-20 de outubro de 2018.
- Regueira, Xosé Luís (2018): Participación na mesa redonda “A lingüística galega na encrucillada”, *III North American Symposium of Galician Studies: Galician Studies Moving West*. Denver, Regis University / Metropolitan State University of Denver / Colorado College, 18-20 de outubro de 2018.
- Regueira, Xosé Luís (2018): “Neofalantes: do discurso á produción lingüística”, *III North American Symposium of Galician Studies: Galician Studies Moving West*. Denver, Regis University / Metropolitan State University of Denver / Colorado College, 18-20/10/2018.
- Regueira, Xosé Luís (2018): “Fonética e autenticidade lingüística”, Curso de verán *Traballando na calidade da lingua*. Carballo, Universidade da Coruña, 18-19 de xullo de 2018.
- Regueira, Xosé Luís / Noemi Basanta (2018): “As palabras xenuínas eran demasiado diferentes”: ideoloxías lingüísticas en Galicia en el marco del capitalismo global”, *VII Jornadas de Lingüística Hispánica: lengua y sociedad*. Lisboa, Universidade de Lisboa, 16-18 de abril de 2018.
- Regueira, Xosé Luís / Elisa Fernández Rei (2018): Organización do panel “Lingua e identidade: a negociación das identidades en interacción na Galicia actual”, *XII Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudos Galegos, Novos horizontes para unha Galicia global: Redes, Territorio, Memoria*. Madrid, Asociación Internacional de Estudos Galegos, Universidad Complutense de Madrid, 10-15 de setembro de 2018.
- Existen tres traballos de fin de grao (TFG) en fase de realización sobre temas relacionados con esta liña, dirixidos por Xosé Luís Regueira, Elisa Fernández Rei e Xulio Sousa Fernández, así como un traballo de fin de máster, dirixido por Xosé Luís Regueira. Estes traballos presentaranse en xaneiro de 2019 (TFM) e en xuño de 2019 (3 TFG).

4. COLECCIÓN DIPLOMÁTICA DE DOCUMENTOS GALEGOS MEDIEVAIS

IP: Ana Isabel Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Ramón Lorenzo, María del Carmen Pérez González

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

Durante o ano 2018 o equipo responsable da acción *Colección Diplomática de Documentos Galegos Medievais* realizou as seguintes actuacións, relativas á colección documental do mosteiro de Oia (Pontevedra):

- Revisión dos documentos contidos nas carpetas 1813 a 1819 (AHN Archivo Histórico Nacional); nestes momentos estase a traballar na carpeta 1820.
- A partir dos novos datos obtidos da dita transcripción séguese a encher, manter e ampliar a base de datos, creada por nós cos datos dos fondos documentais do mosteiro, que inclúe información imprescindible para a súa organización e manexo, dado o alto volume de documentación manexado (entre outros, data, tipoloxía documental, nome do notario ou escriba etc.).
- Cos novos avances tecnolóxicos as fontes que se estaban empregando para a edición dos textos quedaron obsoletas, por iso se está procedendo a cambialas por unha fonte unicode que permita a súa publicación futura na Web.

O ordenador que se usa neste proxecto estragouse de forma irreversible a principios de ano coa conseguinte perda de datos. Como consecuencia, houbo que refacer parte do traballo dos anos anteriores. Entre as perdas, cóntase a base de datos de control dos documentos que se está a refacer enteira (idioma, data –literal e normalizada–, lugar, notario, zona do notario, abade, rei, tipo documental e notas). A partir de agora construírse tamén outra base de datos cos topónimos e antroponimos para facer os respectivos índices. A pesar diso, os traballos axústanse ó ritmo previsto.

5. CONSTRUCCIÓNS VERBAIS E SINTAXE DA ORACIÓN (CONVERSO)

IP: Rosario Álvarez Blanco, Xosé Xove Ferreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez Blanco, Xosé Xove Ferreiro

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: A través do convenio de colaboración entre o ILG e a RAG (a través do seu Seminario de Gramática).

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

Actualmente conta cuns 61.000 rexistros dos 100 verbos máis frecuentes, coma en anos anteriores, pois non se están introducindo novos datos de novos verbos. Durante este último ano o investigador Xosé Xove continuou a revisión do traballo de descrición realizado nos campos relativos ao significado e ao establecemento da construción sintáctica correspondentes a cada rexistro. O resultado deste traballo de revisión e refinamento da base está sendo utilizado polos membros do equipo redactor da *Gramática da lingua galega* para o estudo da sintaxe do galego, e particularmente o das oracións subordinadas.

6. CONTACTO E CAMBIO LINGÜÍSTICO NO GALEGO

IP: Francisco Dubert García, Xulio Sousa

EQUIPO INVESTIGADOR: Elisa Fernández Rei, Xosé Luís Regueira Fernández, Elisabetta Carpitelli, Pedro Martín Butragueño, Gabriel Rei-Doval, Alberto Gómez Bautista, Lurdes de Castro Moutinho

INFORMÁTICA: Noemí Varela Rodríguez

FINANCIAMENTO: Ministerio de Economía e Competitividade (referencia FFI2015-65208-P) e Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER, marco financeiro plurianual 2014-2020)

O traballo desenvolvido durante este ano consistiu fundamentalmente en: i) revisión da etiquetaxe morfosintáctica dos textos do CORILGA; ii) incorporación e transcrición de novos textos á base de datos do CORILGA; iii) identificación e procesamento de castelanismos nas bases do ALGa e do ALPI; e iv) explotación e análise dos datos.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- Aguite-Cajiao, Alba / Elisa Fernández Rei (2018): "Contribución ao estudo comparado do vocalismo átono inicial do galego e do portugués", *Congresso Internacional em Variação Linguística nas Línguas Românicas* <http://congresso.varialing.eu/>. Aveiro, Universidade de Aveiro 2-4 de maio de 2018.
- Dubert García, Francisco (2018): "As linguas en contacto", *I Feira de Innovación da USC-ABANCA*, Santiago de Compostela Centro de Innovación Cultural (CINC), 27 de novembro de 2018.
- Dubert García, Francisco (2018): "A gramática na Gramática de Saco Arce", *Homenaxe a Juan Antonio Saco Arce. 150 aniversario da publicación da Gramática Gallega*. Ourense, Real Academia Galega, 22 de novembro de 2018.
- Dubert García, Francisco (2018): "Contínuum xeolectal constitutivo na Península Ibérica", *Congresso Internacional em Variação Linguística nas Línguas Românicas*. Aveiro, Universidade de Aveiro, 2-4 de maio de 2018.
- Dubert García, Francisco (2018): "Evolución autónoma e contacto cos romances centrais na constitución histórica do galego", *III North American Symposium of Galician Studies: Galician Studies Moving West*. Denver, Regis University / Metropolitan State University of Denver / Colorado College, 18-20 de outubro de 2018.
- Dubert García, Francisco (2018): "Liberarse das fronteiras. O contínuum xeolingüístico do noroeste ibérico", *I Jornadas em Variação e Cartografia Linguística*. Aveiro, Universidade de Aveiro, 9 de novembro de 2018.
- Dubert García, Francisco (2018), "A gramática na Gramática de Saco Arce", *Boletín da Real Academia Galega* 379, 365-383.
- Dubert García, Francisco / Juan Carlos Acuña-Fariña (2018): "Restructuring and complexification of inflectional morphology under linguistic contact: the case of a Galician dialect", en Alejandro Cuza / Pedro Guijarro-Fuentes (eds.), *Language Acquisition and Contact in the Iberian Peninsula*. Berlín: De Gruyter Mouton, 187-213. DOI: <https://doi.org/10.1515/9781501509988-008>
- Fernández Rei, Elisa (2018): "A entoación das variedades ibéricas occidentais: xeoprosodia, contacto e cambio lingüístico", *Congresso Internacional em Variação Linguística nas Línguas Românicas* <http://congresso.varialing.eu/>. Aveiro, Universidade de Aveiro 2-4 de maio de 2018.

- Fernández Rei, Elisa (2018): "A entoación das interrogativas totais no Oeste da Península Ibérica. Aproximación diacrónica", *XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral*, Vigo, Universidade de Vigo, 13-15 de xuño de 2018.
- Fernández Rei, Elisa (2018): "El asturiano y las áreas geoprosódicas del occidente ibérico", *XXXVII Xornaes Internacionais d'Estudiu*, Oviedo, Universidad de Oviedo, 6-8 de novembro de 2018.
- Sousa, Xulio (2018): "Contacto e cambio no léxico no galego do século XX", *III North American Symposium of Galician Studies: Galician Studies Moving West*. Denver, Regis University / Metropolitan State University of Denver / Colorado College, 18-20 de outubro de 2018.
- Sousa, Xulio (2018): "Padróns lingüísticos e variedades dialectais: pluricentrismo e variación interna en galego, portugués e español", *XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral*. Vigo, Universidade de Vigo, 13-15 de xuño 2018.

7. CORPUS DE TEXTOS ANTIGOS DE GALIZA (COTAGAL)

IP: Ricardo Pichel Gotérrez

EQUIPO INVESTIGADOR: Raquel Alonso Parada, Xosé Luís Couceiro Pérez, Pedro Dono López, Rocío Dourado Fernández, Paulo Martínez Lema, Ramón Mariño Paz, Xavier Varela Barreiro

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Biblioteca Dixital da Galicia Medieval (dir. Xavier Varela Barreiro), Xelmírez (dir. Xavier Varela Barreiro), Corpus Informatizado Galego-Portugués Antigo (dir. Xavier Varela Barreiro), Red Internacional CHARTA (dir. Pedro Sánchez-Prieto Borja, Univ. Alcalá).

PÁXINA WEB: www.cotagal.org

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

- Continuación da transcripción paleográfica, etiquetado e presentación crítica de varios manuscritos: a tradución galega da *General estoria* (RBE ms. O.I.1), o testemuño galego tardío da *Estoria de España* (BUSal 2497), os dous exemplares galegos da *Crónica de 1404* (HSA B.2278, BMP 62) e os fragmentos galegos das *Partidas*.
- Continuación da revisión (transcripción paleográfica) da colección de documentos galegos medievais publicada por Margot Spöner (*Documentos Antiguos de Galicia*, 1935).
- Continuación na investigación e posta en práctica dun protomarcado XML-TEI para edición dixital de textos antigos.
- Arrequeamento da base textual de documentación galega redixida en castelán, procesada seguindo os criterios da Red Internacional CHARTA e integrada neste corpus (<http://www.corpuscharta.es/>).

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- Pichel Gotérrez, Ricardo (2017, publicado en 2018): "O casal Lima-Seixas no percurso da produción literaria galega a cabalo dos seculos XIV e XV", *Alicerces. Revista de estudos sobre o Miño Medio* 3, 113-119.
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2018): "Los Enríquez de Lemos y la producción historiográfica gallega del primer tercio del s. XV", *Coloquio Internacional de la AHLM «Libros, lecturas y reescrituras»*. Zaragoza, Universidad de Zaragoza, 24 de outubro de 2018.

- Pichel Gotérrez, Ricardo (2018): "O mecenado señorial da prosa literaria e historio-gráfica na Galiza baixomedieval", *XII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos. Novos horizontes para unha Galicia global: redes, territorio e memoria*. Madrid, Asociación Internacional de Estudos Galegos, Universidad Complutense de Madrid, 10-15 de setembro de 2018.
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2018): "A recepción galega da obra xurídica de Afonso X. Un novo testemuño da *Quinta Partida*", *XII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos. Novos horizontes para unha Galicia global: redes, territorio e memoria*. Madrid, Asociación Internacional de Estudos Galegos, Universidad Complutense de Madrid, 10-15 de setembro de 2018.
- Varela Barreiro, Xavier / Ricardo Pichel Gotérrez (2018): "Margot Sponer e o patrimonio medieval galego. Revisión dunha colección documental pioneira", *XII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos. Novos horizontes para unha Galicia global: redes, territorio e memoria*. Madrid, Asociación Internacional de Estudos Galegos, Universidad Complutense de Madrid, 10-15 de setembro de 2018.

8. CORPUS INFORMATIZADO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (CGPA)

IP: Xavier Varela Barreiro, Maria Francisca Xavier

EQUIPO INVESTIGADOR: Xosé Carracedo Fraga, Lucía Doval Iglesias, Ricardo Pichel Gotérrez, José António Souto Cabo

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez / Juan Jesús Gómez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: RILG (<http://sli.uvigo.es/RILG/>)

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

Ao longo do ano 2018 o equipo responsable do proxecto *Corpus Informatizado Galego-Portugués Antigo* realizou as seguintes actuacións:

- Incorporación ao corpus de textos portugueses e brasileiros antigos: *Crónica de Afonso Henriques* (Duarte Galvão); *Teatro* (Sá de Miranda); *Peregrinação* (Mendes Pinto), *Livro de Montaria de João I* (1391-1410); *Chancelarias de Dom Afonso IV* (1327).
- Incorporación de textos galegos antigos: *Colección documental do mosteiro de San Salvador de Chantada* (355 documentos); *Descripción do Reino de Galicia* (Bartolomé Sargario de Molina); *Memorias do Arcebispado de Santiago* de Jerónimo del Hoyo (1603-1620)..
- Preparativos do VI *Coloquio de Lingüística Histórica* (data por determinar en 2019).

9. CORPUS ORAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (CORILGA)

IP: Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Elisa Fernández Rei, Manuel González González, Francisco Cidrás Escáneo, Xulio Sousa Fernández, Francisco Dubert García, Noemi Basanta Llanes, Alba Aguiete Cajiao, Xosé Manuel Dopazo Entenza, Tamara Rial Montes, Daniel Amarelo Montero, Inmaculada Alonso Rodríguez, Noelia García Díaz

INFORMÁTICA: Noemí Varela Rodríguez, José Manuel Vázquez Vázquez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico.

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Grupo Tecnoloxías Multimedia (UVigo)

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

Neste ano incrementouse o número de transcricións, coa incorporación de novos textos e novos tipos de texto (youtubers), así como coa incorporación e aliñamento de transcricións xa realizadas. Procedeuse á revisión dunha parte das transcricións que xa estaban incorporadas, así como á corrección manual das etiquetas asignadas automaticamente nunha parte dos arquivos.

Detectáronse novos erros no proceso de aliñamento, que están pendentes de subsanación. Está pendente a incorporación das melloras realizadas na ferramenta de recoñecemento e transcripción automática, realizadas durante o ano 2018 en colaboración co Grupo de Tecnoloxías Multimedia da Universidade de Vigo.

A actividade neste ano 2018 foi relativamente baixa, debido aos escasos medios dispoñibles. No ano 2019 está previsto dedicar un esforzo adicional a este recurso para poder solucionar os problemas existentes, incrementar e equilibrar o corpus e proceder á posta a disposición pública deste recurso.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Piñeiro Martín, Andrés / Carmen García-Mateo / Laura Docío-Fernández / Xosé Luís Regueira (2018): "Estudio sobre el impacto del corpus de entrenamiento del modelo de lenguaje en las prestaciones de un reconocedor de habla", *Procesamiento del Lenguaje Natural* 61, 75-82.
- Regueira, Xosé Luís (2018): "Corilga: un corpus anotado multinivel para estudiar la variación y el cambio en la lengua hablada", *LingCor 2018. I Col·loqui Internacional de Lingüística de Corpus / I International Workshop on Spoken Corpus Linguistics*. Conferencia invitada (clausura). València: Universitat de València, 13-14 de decembro 2018.
- Regueira, Xosé Luís / Daniel Amarelo / Reyes Rodríguez / José Manuel Dopazo / Tamara Rial / Carmen García Mateo / Eduardo Rodríguez Banga / Elisa Fernández Rei / Antonio Cardenal (2018) "CORILGA (Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega)", *II Seminario-Asamblea Internacional EDiSo. Discurso e sociedade no século XXI. Chaves e desafíos*. Póster. Vigo, Universidade de Vigo / Asociación de Estudios sobre Discurso y Sociedad, 12 de xuño de 2018.
- Regueira, Xosé Luís / Elisa Fernández Rei (2018): "CORILGA: un corpus para estudar a variación e o cambio do galego falado", *Corpus e construcións: perspectivas hispánicas*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 22-23 de novembro de 2018.

10. CORPUS PARA A ANÁLISE DE DIFICULTADES NA PRODUCCIÓN ESCRITA EN LINGUA GALEGA

IP: María Álvarez de la Granja

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco Cidrás Escáneo, Ernesto González Seoane, Vítor Míguez Rego, Xulio Sousa Fernández

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

Ao longo de 2018 o equipo responsable da acción *Corpus para a análise de dificultades na produción escrita en lingua galega* realizou as seguintes actuacións:

1. Elaboración dos criterios de conformación da mostraxe de textos que constituirán o corpus (extraídos das probas ABAU de Lingua e Literatura Galegas).
2. Conformación da mostraxe.
3. Identificación de cada exame cun código e elaboración dunha base de datos coa información dispoñible para cada un deles, información que será incluída nos metadatos de cada texto.
4. Dixitalización do 100% dos textos.
5. Elaboración das normas de transcripción dos textos.
6. Transcrición do 80% dos textos na plataforma TEITOK, con marcación das formas suprimidas e das formas engadidas polo estudante no proceso de elaboración do texto.
7. Creación da versión galega e española da páxina web do proxecto no ILG (<http://ilg.usc.es/gl/proxectos/corpus-de-textos-galegos-escritos-por-estudiantes-no-ambito-academico-cortegal>).
8. Identificación e clasificación básica dos problemas de carácter textual, ortográfico, gramatical e léxico do 10% dos textos de cara á elaboración da versión final da tipoloxía de dificultades que se empregará na etiquetaxe dos textos.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- Álvarez de la Granja, María (2018): "Corpus de textos de estudiantes galegos (CORTEGAL). Aspectos metodolóxicos", en Marta Díaz / Gael Vaamonde / Ana Varela / M^a Carmen Cabeza / José M. García-Miguel / Fernando Ramallo (eds.), *Actas do XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral*. Vigo: Universidade de Vigo, 55-62. [<http://cilx2018.uvigo.gal/actas/pdf/655842.pdf>]
- Álvarez de la Granja, María / Ernesto González Seoane (2018): «Efectos do contacto galego-español no léxico dispoñible da mocidade en Galicia», comunicación presentada no *III North American Symposium of Galician Studies: Galician Studies Moving West, Denver, Colorado, 18-20/10/2018*, Denver, Regis University / Metropolitan State University of Denver / Colorado College, 18-21 de outubro de 2018.

11. DICCIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS

IP: Ana Isabel Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Gonzalo Navaza, Antón Palacio Sánchez, Luz Méndez Fernández

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

Continuación da redacción de entradas, simultaneamente á recadación de testemuños históricos e á revisión continua dos materiais. Neste momento está redactado o 90% das entradas do dicionario, o que equivale a 6.000. A previsión é rematar a redacción das entradas no ano 2019. Estes traballos axústanse ó ritmo previsto.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (ed.) (2018): *Antroponimia e lexicografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. 334 pp. [<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4326>]
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2018): "A estrutura do Dicionario dos apelidos galegos", en A. I. Boullón Agrelo (ed.), *Antroponimia e lexicografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 143-177.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2018): "Sistema antroponímico en Galicia", en David Rodríguez / Mailson Lopes (orgs.), *Galicia doutro lado do Atlántico. Estudos galegos na Bahía*. Bahía: Ponte Atlántica, 183-190. [http://www.lingua.gal/recursos/todos/_/publicacions/0016/galicia-doutro-lado-atl%C3%A2ntico]
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (ed.) (2018): *Estudos de Onomástica Galega III. Os alcumes. Xornada de estudo, Pontevedra, 30 de setembro de 2017*. Real Academia Galega.
- Méndez, Luz (2018): "Gheada, seseo e estandarización de apelidos", en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Antroponimia e lexicografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 203-236.
- Méndez, Luz (2018): "Os sobrenomes nos apelidos", en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Estudos de Onomástica Galega III. Os alcumes. Xornada de estudo, Pontevedra, 30 de setembro de 2017*. Real Academia Galega, 109-131.
- Navaza, Gonzalo (2018): "Andrade, Cosmede, Tomade e outros apelidos de orixe toponímica", en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Antroponimia e lexicografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 179-202.

12. EDICIÓN E ELABORACIÓN DOS MATERIAIS GALEGOS DO ALPI (ATLAS LINGÜÍSTICO DE LA PENÍNSULA IBÉRICA)

IP: Xulio Sousa

Equipo investigador: Marta Negro Romero, Silvia Bravo Suárez

Financiamento: Rede de Tecnoloxías e Análise dos Datos Lingüísticos (R2016/011)

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

Continuouse o traballo de revisión da transcripción das respostas en ortografía convencional. Iniciouse o traballo de clasificación dos materiais por niveis de análise lingüística e o de identificación das repostas con castelanismos.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- Negro Romero, Marta (2018): "Áreas léxicas no noroeste peninsular desde unha aproximación dialectométrica", *XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral*. Vigo, Universidade de Vigo, 13-15 de xuño de 2018.
- Negro Romero, Marta (2018): "Nocello, noelo, tornecelo... Variación léxica e mudanza no galego contemporáneo", *XII Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudos Galegos, Novos horizontes para unha Galicia global: Redes, Territorio, Memoria*. Madrid, Asociación Internacional de Estudos Galegos, Universidad Complutense de Madrid, 10-15 de setembro de 2018.

- Sousa, Xulio (2018): "El ALPI y el gallego del siglo XX", *Geolingüística peninsular: investigaciones en curso*, Madrid, CSIC, 28 de setembro de 2018.

13. GONDOMAR. CORPUS DIXITAL DE TEXTOS GALEGOS DA IDADE MODERNA

IP: Ernesto González Seoane, Rosario Álvarez

EQUIPO INVESTIGADOR: Sandra Beis Silva, Xosé Antonio Fernández Salgado, Michael J. Ferreira, Juan Jesús Gómez Noya, Domingo González Lopo, Rita Marquilha, Gonzalo Navaza Blanco, César Osorio Peláez, José Luis Rodríguez Gómez, Concepción Varela Orol, Florentina Xoubanova Montero, Xosé Xove Ferreiro

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

Despois dun tempo de funcionamento en probas, no primeiro semestre de 2018 quedou dispoñible en aberto, a través da páxina web do Instituto, *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna* (<http://ilg.usc.gal/gondomar/>). Este recurso ofrece unha edición dos máis de 80 textos que nestes momentos inclúe o corpus, xunto coa reprodución fotográfica dos orixinais ou copias que serviron de base para realizala. A lectura e edición dos textos foi realizada polos membros do equipo de investigación, con criterios acordes con outros proxectos científicos semellantes e, en todo caso, uniformes e sistemáticos. A edición inclúe sempre dúas versións, unha transcrición paleográfica ou moi conservadora dos textos e unha edición interpretativa, con posibilidade de navegar entre unha e outra. Forman igualmente parte do proxecto *Gondomar* o desenvolvemento de ferramentas para a explotación áxil e fiable dos datos lingüísticos contidos no corpus; a elaboración de estudos que os analicen desde un punto de vista lingüístico e pragmático, indaguen nas condicións en que estes textos se produciron e reconstrúan a súa peripecia histórica; e a presentación dos manuais que resumen as normas seguidas na transcrición, edición, etiquetación e lematización.

A versión actual incorpora máis de 80 textos, entre os que figuran varios ata o de agora inéditos, como *O faraute mandón da Vila de Baiona*, o *Galanteo de mozo e moza* e o *Entremés al feliz y real parto de nuestra reina*, composto por Salvador Francisco Roel e que constitúe o primeiro impreso en galego publicado como texto independente.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Álvarez, Rosario (2018): "Galanteo de mozo e moza, romance en lingua galega (séc. XVIII). Edición e estudo", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 21, 15-31 [<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.62591>].
- Álvarez, Rosario / Ernesto González Seoane (2018): "Ferramentas para o estudo da produción escrita en galego na Idade Moderna. Aspectos metodolóxicos da edición e anotación dos textos en *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*", *XII Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudos Galegos, Novos horizontes para unha Galicia global: Redes, Territorio, Memoria*. Madrid, Asociación Internacional de Estudos Galegos, Universidad Complutense de Madrid, 10-15 de setembro de 2018.

14. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA

IP: Rosario Álvarez.

EQUIPO INVESTIGADOR: María Álvarez de la Granja, Francisco A. Cidrás Escáneo, Francisco X. Dubert García, Elisa Fernández Rei, Ernesto X. González Seoane, Xosé Luís Regueira Fernández, Xosé Xove Ferreiro.

FINANCIAMENTO: Convenio asinado entre a USC e a RAG (2011-2013), prorrogado anualmente sen custos.

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega.

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

Este equipo de gramática do ILG ten a encarga de redactar a gramática institucional da Real Academia Galega. Os traballos avanza a un ritmo moito máis lento do que se prevía inicialmente, mais o proxecto continúa en andamento de forma ininterrompida. Os traballos realizados en 2018, especificamente para este obxectivo ou en conexión con outros proxectos de descrición lingüística, seguen orientados a cumprir o compromiso no prazo máis breve posible.

15. INVENTARIO TOPONÍMICO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (ITGPA)

IP: Eduardo Moscoso Mato

EQUIPO INVESTIGADOR: Xavier Varela Barreiro, Manuel Blanco López, Amparo Cereixo Silva, Rocío Dourado Fernández, Lucía Doval Iglesias, Gonzalo Hermo González, María Pérez Martínez, Guillermo Vidal Fonseca

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.es/itgm>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

O proxecto do *Inventario Toponímico Galego-Portugués Antigo* non contou con financiamento durante o ano 2018. Aínda así, durante todo o ano 2018 os investigadores deste proxecto seguiron traballando nel e mellorando o material e os resultados previos.

Traballouse especialmente na revisión da estrutura da base de datos de almacenamento da información e o deseño dunha nova aplicación informática, que se comezou no 2018 en colaboración con investigadores da Escola Técnica Superior de Enxeñaría, na que a alumna Andrea Rey Presas (Grao en Informática) está a elaborar no curso 2018-19 o TFG “Explotación do Inventario Toponímico Galego-Portugués Antigo” do que é codirector o investigador Xavier Varela Barreiro, e mediante o que se pretende crear una nova aplicación informática para a consulta en liña.

16. LÉXICO PATRIMONIAL (GALICIA-PORTUGAL-BRASIL)

IP: Rosario Álvarez, María Álvarez de la Granja

EQUIPO INVESTIGADOR: Ernesto González Seoane, Xulio Sousa Fernández, Marta Negro Romero

INFORMÁTICA: Noemí Varela Rodríguez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

O equipo encargado do proxecto *Léxico Patrimonial (Galicia-Portugal-Brasil)* desenvolveu as seguintes actividades durante o ano 2018:

1. En 2017 comezamos a elaborar un documento descritivo das necesidades e obxectivos do equipo para facer a encarga aos técnicos informáticos dunha aplicación que permitise vincular os lexicos galego e portugués do *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. A encarga foi feita en 2018, con outros recursos económicos, e o equipo está a traballar nesa vinculación.
2. A finais de outubro de 2017, grazas á colaboración dos xeógrafos dun equipo de investigación cos que temos colaboración noutro proxecto, conseguimos un mapa de capas de toda a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, con concellos e freguesías. Cómpre estender esta continuidade ao resto do portugués continental. A fins de 2018 estamos en disposición de comezar coa cartografía automática que presente a variación léxica do galego e portugués europeo setentrional en continuidade espacial, en canto estean os dous lexicos vinculados.
3. En 2018 avanzamos na definición e posta en práctica dunha aplicación que mellora e acelera o tratamento dos datos, pois unha vez trasladados desde as fontes (proceso laborioso que consome grande parte do noso tempo), suxire un lema, un clasificador semántico e un clasificador gramatical a partir dos datos do corpus.
4. En 2018 foron incorporados 9.196 rexistros ao banco de datos *TLPGP* do que se nutre estoutro proxecto (cfr. ficha correspondente): GarcíaGM 1987, LópezL 2012 e LópezL 2016 incorporan léxico de flora e fauna; Álvarez 1973, Rey 2001, Santos et al. 2003 e VázquezG 2001, léxico de viticultura e vinicultura; APMC 2005, LorenzoF 1934, MartínezL 2006, Negro 2005, Pichel 2006 e Rivas 2016, léxico de cultura marítima e fluvial; Roxíos 2010, léxico relativo a xogos populares; IES Mendiño 2018 é o primeiro léxico procedente do proxecto *PaLeGa* (plan Proxecta); finalmente, Martínez 1970 (Curtis) e LorenzoF 1934b (Lobeira), engaden léxico de tipo xeral. En canto ao corpus brasileiro, en 2018 incorporáronse 1424 rexistros, de Minas Gerais (Freitas 2012, Ribeiro 2010) e do Paraná (Sozim 1995). Están en fase de revisión obras de São Paulo, Mato Grosso do Sul, Paraná, Pará, Maranhão, Minas Gerais e Bahia. Do N de Portugal subíronse 634 rexistros novos en 2018, procedentes de Valpaços (FreitasO 1946) e Celorico de Basto (Lemos 1988). Están en fase de revisión varias obras procesadas por colaboradores da UTAD, CLUP, CLUL e UBI. Referencias en <http://ilg.usc.gal/Tesouro/gl/corpus.html>. O cesamento da informática encargada da incorporación das obras á plataforma impediu que se subisen as obras enviadas por colaboradores da UTAD e Porto. Esperamos que a situación se repare proximamente e que se poidan subir as obras que están á espera ou en diferentes fases de revisión.
5. O catálogo de fontes de léxico dialectal con referencia xeográfica está en actualización permanente: <http://ilg.usc.gal/Tesouro/gl/inventario.html>. Contaba a fins de 2017 con 296 rexistros; ao rematar 2018 son 347.
6. En xullo de 2018 realizamos unha xornada de traballo na Universidade do Porto, ao abeiro doutro proxecto transfronteirizo de variación léxica, mais con rendementos igualmente para o presente proxecto.
7. Froito desta colaboración Galicia-Portugal-Brasil, ademais do número 25 da revista *Guavira Letras* publicado en 2017, é o volume 17 da revista *Estudios portugueses y brasileños* da Universidad de Salamanca, con investigadores en variación léxica de Galicia,

Portugal e Brasil, coordinado por Eduardo Louredo e Rosario Álvarez, que debería saír en 2018 (materiais entregados no primeiro cuadrimestre dese ano).

8. O día 3 de setembro de 2018 a coordinación do proxecto pasou a María Álvarez de la Granja, por acordo unánime dos membros do equipo. A razón do cambio está no paso á situación de servizos especiais da anterior coordinadora.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- Álvarez, Rosario (2018): "Do Atlas Prévio dos Falares Baianos ao Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués", en David Rodríguez / Mailson Lopes (orgs.), *Galicia doutro lado do Atlántico. Estudos galegos na Bahia*. Salvador-Bahia: Ponte Atlántica, 41-52. http://www.lingua.gal/recursos/todos/_/publicacions/0016/galicia-doutro-lado-atl%C3%A2ntico
- Álvarez, Rosario. "Unha ponte de palabras. Variación léxica e historia cultural". Conferenciante plenarista convidada [non impartida, causa médica / publicación prevista]. Comité científico. V CIDS. *Congresso Internacional de Dialectología e Sociolingüística*. Salvador-BA, 11 a 14 de setembro de 2018. Organiza: Universidade Federal da Bahia e outras.
- Álvarez de la Granja, María / Ernesto X. González Seoane (2018): "Lexicografía dialectal del gallego", en María Álvarez de la Granja / Ernesto González Seoane (eds.), *Léxico dialectal y lexicografía en la Iberorromania*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert, 163-186.
- Negro Romero, Marta : "*Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional: potencialidades pedagógico-didáticas para o ensino do portugués*", *Aprendizagens essenciais de português nos ensinos básico e secundário*. Associação de Professores de Português / Direção-Geral da Educação, Ministério da Educação e Ciência, Porto, 24 de febreiro e 10 de marzo de 2018.
- Negro Romero, Marta. "*Nocello, noelo, tornececelo... Variación léxica e mudanza no galego contemporáneo*", *XII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos. Novos horizontes para unha Galicia global: redes, territorio e memoria*. Madrid, Asociación Internacional de Estudos Galegos, Universidad Complutense de Madrid, 10-15 de setembro de 2018.
- Negro Romero, Marta: "*Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*", na sesión de traballo sobre o proxecto *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*. Conferencia por convite. Paredes (Portugal), Agrupamento de Escolas de Vilela, 17 de outubro de 2018.
- Negro Romero, Marta / Sónia Valente Rodrigues / Joana Gomes / José Barbosa Machado / Rosario Álvarez (2018): "*Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional. Uma proposta de trabalho para as aulas*", *I Encontro Internacional de Língua Portuguesa e Relações Lusófonas (LUSOCONF2018)*. Bragança, Instituto Politécnico de Bragança, 19-20 de outubro de 2018.

17. PLATAFORMA DE DOCUMENTACIÓN E ANÁLISE DE DATOS DIALECTAIS PERCEPTIVOS

IP: Xulio Sousa

EQUIPO INVESTIGADOR: Soraya Suárez Quintas, David Rodríguez Lorenzo, Laura Calaza Díaz, José R. Ríos Viqueira, Rosa M. Crujeiras, Alberto Rodríguez Casal

FINANCIAMENTO: Rede de Tecnoloxías e Análise dos Datos Lingüísticos (R2016/011)

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

Durante este ano realizáronse modificacións no código da aplicación para mellorar o seu funcionamento. Ademais comezouse o desenvolvemento dunha páxina web de demostración do funcionamento da aplicación. A páxina está en probas.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Sousa, Xulio / Irene Santos Raña / Soraya Suárez Quintas / Laura Calaza (2018): “Categorización perceptiva das variedades iberorrománicas por parte de universitarios de Galicia”, en R. Antonelli / M. Glessgen / P. Videsott (eds.), *Atti del XXVIII Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza*. Strasburgo: Éditions de linguistique et de philologie, 1022-1036.
- Sousa, Xulio (2018): “PDMapping: a web application for processing perceptual dialectology data”, *Second International Conference on Sociolinguistics*, Budapest, Universidade Eötvös Loránd, 6-8 de setembro de 2018.

18. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS

IP: Rosario Álvarez

EQUIPO INVESTIGADOR: María Álvarez de la Granja, Ernesto X. González Seoane, Xulio Sousa Fernández, Marta Negro Romero, Eduardo Louredo Rodríguez, Ignacio Vázquez Diéguez, Tamar Rial Montes, Dennis Álvarez Guerrero, Marina de Melo

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez, Noemí Varela Rodríguez

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: A relación de membros e universidades participantes, en Galicia, Portugal e Brasil, figuran en <http://ilg.usc.gal/Tesouro/gl/equipo.html>

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/Tesouro>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

A base de datos do proxecto está sendo alimentada e revisada de maneira permanente. En total, ao longo de 2018, incorporáronse 11.254 rexistros, que corresponden a 17 obras galegas (9196 rexistros), 2 portuguesas (634 rexistros) e 3 brasileiras (1424 rexistros); ao remate de 2018, o banco de datos contaba con 224.300 rexistros, procedentes de 190 obras. Relación completa en <http://ilg.usc.gal/Tesouro/gl/corpus.html>.

Están en fase de revisión, para ser incorporadas en 2019, táboas cun grande número de rexistros, entre as que merecen mención especial léxicos de concellos portugueses situados ao N do Douro. De acordo co plan trazado para 2018, no territorio galego ocupámonos, especialmente en procesar vocabularios que iluminasen áreas xeográficas pouco representadas no mapa, campos semánticos pouco recollidos ata o presente ou algunhas áreas priorizadas en relación con outros proxectos, nomeadamente a cultura marítima e fluvial, o léxico do viño e os xogos tradicionais.

En 2018 avanzamos na definición e posta en práctica dunha aplicación que mellora e acelera o tratamento dos datos, pois unha vez trasladados desde as fontes (proceso laborioso que consome grande parte do noso tempo), suxire un lema, un clasificador semántico e un clasificador gramatical a partir dos datos do corpus. Fíxose con cargo aos recursos humanos e económicos do ILG.

O banco de datos do TLPGP serve de base para outros dous proxectos relacionados, con beneficios mutuos: o proxecto *O patrimonio léxico da Gallaecia* (PaLeGa), integrado en GEOARPAD, que se realiza en colaboración coa Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro e a Universidade do Porto; e o proxecto *Léxico Patrimonial (Galicia-Portugal-Brasil)*, suxeito a

un convenio coa Xunta de Galicia. Está tamén relacionado co proxecto *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional* dirixido ao mundo do ensino, dentro do Plan Proxecta da Xunta de Galicia.

19. TESOURO INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA 4.1 (TILG)

IP: Ernesto González Seoane

EQUIPO INVESTIGADOR: María Álvarez de la Granja, Ernesto González Seoane, Antón Santamarina

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: NLPGo Technologies S.L.

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

Durante o ano 2018 finalizou a revisión da versión 4.1 do *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG), desenvolvida en colaboración con NLPgo Technologies, S.L., que se ocupou do desenvolvemento informático. A nova versión púxose a disposición do público no verán de 2018 en <https://ilg.usc.es/TILG/>. Compila máis de 3.000 documentos producidos entre 1612 e 2013 e contén arredor de 30 millóns de formas gráficas, lematizadas e anotadas con etiquetas morfosintácticas. Esta nova versión incorpora diversas novidades con respecto ás versións anteriores, en particular no que se refire ás posibilidades de busca no corpus, o que multiplica a potencialidade da súa explotación.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Santamarina, Antón (dir.) / Ernesto González Seoane / María Álvarez de la Granja: *Tesouro informatizado da lingua galega* (Versión 4.1). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [<http://ilg.usc.gal/TILG/>]

20. O PATRIMONIO LÉXICO DA GALLAECIA (PILOTO 4, NO MARCO DE GEOARPAD. PATRIMONIO CULTURAL DA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL: VALORACIÓN E INNOVACIÓN)

IP: Rosario Álvarez / María Álvarez de la Granja

EQUIPO INVESTIGADOR: Ernesto González Seoane, Xulio Sousa Fernández, Marta Negro Romero. Colaboradores externos: Ignacio Vázquez (UBI, Covilhã), Hélien Silva (IFMS, Ponta Porã), Helena Pousa Ortega (IES San Paio, Tui), Fernando Groba Bouza (IES María Soliño, Cangas) e Eduardo Louredo (IES Otero Pedrayo, Ourense)

INFORMÁTICA: Noemí Varela Rodríguez

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: No Piloto 4 participan a Universidade do Porto (a través do CLUP) e a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro universidades (a través do CEL). Para as entidades involucradas no conxunto do proxecto, véxase <https://amtega.xunta.gal/proxectos-europeos/proxecto-geoarpad>

FINANCIAMENTO: Programa INTERREG V-A España - Portugal (POCTEP) (0358_GEOAPAR-D_1_E-4). PO FEDER Galicia 2014-2020 "Unha maneira de facer Europa".

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

Producíronse importantes avances no deseño dos recursos xeolinguísticos referidos á Gallaecia con que este equipo transfronteirizo vai contribuír á plataforma resultante de GEOAR-

PAD. Partindo do banco de datos do *TLPGP* (cfr. ficha correspondente), ao que foron incorporados 9.196 rexistros de obras priorizadas de acordo coas necesidades deste piloto, deseñamos e puxemos en fase de proba unha aplicación informática que facilita a vinculación dos xeosinónimos e permite a representación da distribución xeográfica na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

É importante salientar a participación no plan Proxecta 2017-2018 e 2018-2019 da Xunta de Galicia, co programa Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional (<https://ilg.usc.gal/PaLeGa/>) para o que creamos unha plataforma interactiva para a recolleita colaborativa de léxico e cultura patrimoniais. En 2018, ademais, comezamos a extensión a centros de ensino do N de Portugal, fóra do ámbito do Plan Proxecta, con excelentes resultados na rexión do Porto.

De acordo co programa inicial, mantivemos encontros e intercambio colaborativo cos outros grupos da USC involucrados en GEOARPAD, así como relación de asesoría, formación metodolóxica continua e revisión dos parceiros portugueses. Ademais, a investigadora Marta Negro Romero realizou unha estadia no Centro de Linguística da Universidade do Porto, financiada polo programa Iacobus (convocatoria competitiva), entre o 01 de febreiro e o 30 de abril de 2018. Esta permitiu a estreita colaboración cos investigadores portugueses para a elaboración dun corpus de obras sobre léxico do norte de Portugal e, tras a formación necesaria, que se comezase xa co tratamento dalgunhas delas.

No verán de 2018, na Facultade de Letras da Universidade do Porto tivo lugar o segundo encontro dos participantes das tres universidades, con presentacións de membros dos tres grupos (*Patrimonio léxico da Gallaecia*. 20 de xullo de 2018. Universidade do Porto). Nel informouse do estado dos traballos, presentáronse as novidades, resolvéronse dúbidas, tomáronse acordos metodolóxicos e acordouse o plan de traballo para os meses vindeiros.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Negro Romero, Marta (2018): "Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional: potencialidades pedagógico-didáticas para o ensino do portugués", *Aprendizagens essenciais de português nos ensinos básico e secundário*. Associação de Professores de Português / Direção-Geral da Educação, Ministério da Educação e Ciência, Porto, 24 de febreiro e 10 de marzo de 2018.
- Negro Romero, Marta / Sónia Valente Rodrigues / Joana Gomes / José Barbosa Machado / Rosario Álvarez (2018): "Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional. Uma proposta de trabalho para as aulas", en *LUSOCONF 2018. I Encontro Internacional de Língua Portuguesa e Relações Lusófonas*. Bragança, Instituto Politécnico de Bragança, 19-20 de outubro de 2018.
- Negro Romero, Marta: "Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional", na sesión de traballo sobre o proxecto *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*. Conferencia por convite. Paredes (Portugal), Agrupamento de Escolas de Vilela, 17 de outubro de 2018.

B. PROXECTOS PROMOVIDOS POR OUTRAS INSTITUCIÓN

1. CORPUS DE REFERENCIA DO GALEGO ACTUAL (CORGA)

IP: María Sol López Martínez

MEMBROS DO EQUIPO: Eva Domínguez Noya (coordinadora da parte lingüística), NLPgo Technologies, S.L. (responsable da Informática), María Caíña Hurtado, Bárbara Bujía Tourón (lingüistas)

FINANCIAMENTO: 125.254€

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. 2018-2019

PÁXINA WEB: <http://corpus.cirp.gal/corga> versión 3.1

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2018

Ao longo de 2018 estívo-se traballando na incorporación de novos documentos para chegar na nova versión (3.1), actualmente en fase de proba, aos 40 millóns de formas. Dada a enorme variación ortográfica que caracteriza, maiormente pero non só, os textos anteriores a 1982 e mais os cambios na representación gráfica dalgunhas unidades provocados por modificacións na normativa oficial, na versión 3.1 agrégase un parámetro máis para que, quen o desexe, poida minimizar a variación formal entre lemas: o hiperlema.

Ademais, no etiquetario de XIADA que se emprega para a etiquetación automática do CORGA engadiuse unha nova etiqueta relacionada co xénero, que denominamos “xenérico”.

Por outra banda, seguimos a realizar outros cambios no lexicón para que o recoñecemento de variantes gráficas continúe mellorando.

CONTRIBUCIÓN


- Domínguez Noya, Eva María / María Caíña Hurtado / María Sol López Martínez(2018): “Variación e normativización no galego”, en Marta Díaz / Gael Vaamonde / Ana Varela / M^a Carmen Cabeza / José M. García Miguel / Fernando Ramallo (eds.), *Actas do XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral*. Vigo: Universidade de Vigo, 299-306

Consultas da páxina web do centro

Enderezo web	Usuarios	Visitas	Páxinas vistas
Web do ILG http://ilg.usc.gal/gi/	35.645 35.121 novos	44.790	81.815
Cartografía dos Apelidos de Galicia http://ilg.usc.gal/cag/	15.082 15.052 novos	22.341	120.320
Dicionario de pronuncia da lingua galega http://ilg.usc.gal/pronuncia/	12.069 11.711	21.613	142.734
Tesouro Informatizado da Lingua Galega http://ilg.usc.gal/TILG/	5.463 5.256 novos	11.869	34.381
Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués http://ilg.usc.gal/Tesouro/	3.088 3.016 novos	8.145	42.291
Índices do Atlas Lingüístico Galego http://ilg.usc.gal/indices/	3.370 3.345 novos	3.878	11.052
Arquivo do Galego Oral http://ilg.usc.gal/ago/	2.422 2.396 novos	3.328	5.936
Portal de Ditados Tópicos Galegos http://ilg.usc.gal/ditados/	1.659 1.655 novos	1.793	4.594
AMPER-Galicia http://ilg.usc.gal/amper/	992 989 novos	1.020	2.171
FOLERPA http://ilg.usc.gal/FOLERPA/	897 893 novos	999	1.888
Evolución dos 10 nomes máis populares en Galicia entre 2000 e 2015 http://ilg.usc.es/nomes_evolucion/	658 657 novos	681	1.017
Ránking dos 10 nomes máis populares en Galicia (2000-2014) http://ilg.usc.gal/nomes_galicia/	561 559 novos	613	1.074
CORILGA	114 109 novos	425	836

Organización de cursos, conferencias e encontros lingüísticos

A. V COLOQUIO LINGÜÍSTICA HISTÓRICA



O 25 e 26 de xaneiro de 2018 celebrouse no Instituto da Lingua Galega a quinta edición do Coloquio Lingüística Histórica centrado desta volta na análise da toponimia galego-portuguesa desde a perspectiva da lingüística histórica. Deste xeito, reuníronse no coloquio especialistas destas dúas disciplinas que ofreceron ollares multidisciplinares, coas voces toponímicas como denominador común e a historia, a xeografía, a lingüística e o procesamento da linguaxe natural como perspectivas de análise.

COMITÉ ORGANIZADOR: Paulo Martínez Lema, Rocío Dourado Fernández, Xavier Varela Barreiro

COMITÉ CIENTÍFICO: Esperança Cardeira (Universidade de Lisboa), Gonzalo Navaza (Universidade de Vigo), Leonarto Lennertz Marcotulio (Universidade Federal do Rio de Janeiro), Ramón Mariño Paz (Universidade de Santiago de Compostela), Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

PÁXINA WEB: http://ilg.usc.gal/gl/ilgas/linguistica_historica

Programa

Xoves, 25 de xaneiro


10:00	Inauguración
10:15	Ana Boullón Agrelo (ILG-USC) Principais compoñentes semánticos da toponimia galega. Aproximación cuantitativa (conferencia inaugural)
11:15	Paulo Gamallo (CITIUS-USC) Um método automático para o recoñecemento e a desambiguação de topónimos

12:30	Paulo Martínez Lema (ILG-USC) “Ad populandum”: toponimia e repovoamento no sul da Galécia alto-medieval
17:00	Afonso Xavier Canosa (CITIUS-USC) Sobre a toponimia da Peregrinaçam de Mendes Pinto
18:00	Maria Alice Fernandes (Universidade do Algarve) A fronteira meridional da Galécia Magna

Venres, 26 de xaneiro

10:00	Rocío Dourado Fernández (ILG-USC) A oiconimia na toponimia menor do concello de Ribadeo.
11:00	Gonzalo Navaza (Universidade de Vigo) Retoponimizacións rexias na Galicia e o Portugal medievais.
12:30	Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña) Toponimia menor e conservadorismo lingüístico: algúns exemplos contemporáneos da cidade da Coruña.
17:00	Carolina Capelo (ILG-USC) A sufixación diminutiva na formación de topónimos replicantes.
18:00	Carlos Rocha (Universidade Sénior de Almada) Contributos para o estudo da hidrotoponimia portuguesa a norte do Mondego (conferencia de clausura).
19:00	Clausura

B. SIMPOSIO ILG 2018: VARIEDADES LINGÜÍSTICAS EN CONTACTO NA PENÍNSULA IBÉRICA



Co título de “Variedades lingüísticas en contacto na Península Ibérica”, o Simposio ILG 2018 reuniu entre o 12 e o 14 de novembro en Santiago de Compostela un grupo de especialistas que analizaron, desde diversas perspectivas lingüísticas, situacións de contacto entre linguas do ámbito peninsular (castelán e galego, portugués e mirandés, castelán e asturiano, español e catalán, castelán e vasco etc.), sen esquecer tampouco a variación interna nas lin-

guas e o contacto entre variedades pertencentes a un mesmo diasistema. A análise levada a cabo tivo como foco de atención diversos niveis lingüísticos (morfoloxía, vocalismo etc.) e os procesos de diverxencia e converxencia que se producen nas situacións de contacto. Os conferenciantes convidados mostraron de que xeito se pode abordar a descrición e análise desta constante na historia lingüística da humanidade.

COMITÉ ORGANIZADOR: Francisco Dubert García, Xulio Sousa, Vitor Míguez.

COMITÉ CIENTÍFICO: Elisa Fernández Rei (Universidade de Santiago de Compostela), Lurdes de Castro Moutinho (Universidade de Aveiro), Alba Agnete Cajiao (Universidade de Santiago de Compostela), Gabriel Rei-Doval (University of Wisconsin-Milwaukee), Juan Carlos Acuña Fariña (Universidade de Santiago de Compostela), Xulio Viejo (Universidad de Oviedo), Ernestina Carrilho (Centro de Linguística da Universidade de Lisboa)

PÁXINA WEB: <https://ilg.usc.es/gl/actividades/simposio-ilg-2018>

Programa

Luns, 12 de novembro

16.30 - 17.00	Presentación. Rosario Álvarez e organizadores
17.00 - 18.00	Alberto Gómez Bautista (Instituto Politécnico de Lisboa-ISCAL / Centro de Línguas, Literatura e Culturas da Universidade de Aveiro): "Mirandés e portugués: linguas en contacto"
18.00 - 19.00	Ana R. Luís (Departamento de Línguas, Literaturas e Culturas, Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra): "A mudança linguística no contexto da crioulação: uma tipologia para o desenvolvimento morfológico"
19.00 - 19.30	Discusión

Martes, 13 de novembro

16.00 - 17.00	Sara Gómez Seibane (Departamento de Filologías Hispánica y Clásica, Universidad de La Rioja): "Patrones de convergencia en lenguas tipológicamente no relacionadas: lengua vasca y castellano"
17.00 - 18.00	Carsten Sinner (Institut für Angewandte Linguistik und Translatologie, Universität Leipzig): "El castellano en contacto con el catalán"
18.00 - 19.00	Ramón de Andrés Díaz (Departamento de Filología Española, Universidad de Oviedo): "Contactu de llingües n'Asturies: asturianu, «ames-táu» y castellanu"
19.00 - 19.30	Discusión

Mércores, 14 de novembro

16.00 - 17.00	Matilde Vida Castro (Universidad de Málaga): "Procesos de estandarización y divergencia dialectal en las variedades meridionales del español de España"
17.00 - 18.00	Victoria Vázquez Rozas (Universidade de Santiago de Compostela): "Variación e significado social de había + participio no español falado en Galicia: un estudo de corpus"

18.00 - 19.00	Alba Aguete Cajiao (Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela): "Contacto de linguas e variedades na emerxencia de novos modelos de vocalismo en galego"
19.00 - 19.30	Discusión
19.30 - 20.00	Acto de clausura

C. XXXI CURSO DE LINGUA E CULTURA GALEGA "GALEGO SEN FRONTEIRAS"



Do 2 ao 24 de xullo desenvolveuse en Santiago de Compostela a *XXXI Edición dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas*, organizados polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña. Asistiron 72 estudantes procedentes de 25 países de Europa, América, Asia e África.

Os cursos, dirixidos por Henrique Monteagudo e Xosé Luís Regueira, organizáronse en tres niveis: nivel elemental, nivel medio e curso superior de lingüística e de literatura galegas. Ademais das clases de lingua, realizáronse actividades de ampliación cultural, que consistiron fundamentalmente en conferencias sobre literatura, historia e outros eidos da realidade sociocultural de Galicia, así como visitas a lugares de interese natural e histórico de Galicia.

A docencia e palestras desenvolvéronse nas Facultades de Filosofía e mais de Xeografía e Historia da USC. A secretaría, localizada no ILG, correu a cargo de Liliana Martínez Calvo, da Real Academia Galega. A bibliotecaria do ILG, Florentina Xouvanova, encargouse de que o alumnado puidese acceder aos fondos da biblioteca. Os investigadores do ILG Tamara Rial Montes, Xosé Manuel Dopazo, Elisa Fernández Rei e Eduardo Moscoso Mato impartiron docencia nestes cursos.

A actividade dos investigadores

A. CONFERENCIAS E COMUNICACIÓNS EN CONGRESOS E ENCONTROS CIENTÍFICOS

Aguete Cajiao, Alba (2018): "Contribución ao estudo do vocalismo galego contemporáneo", *VI Encontro da Mocidade Investigadora en Artes, Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 12-13 de xuño de 2018.

Aguete Cajiao, Alba (2018): "Modelos lingüísticos e variación no vocalismo galego", *XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral*, Vigo, Universidade de Vigo, 13-15 de xuño de 2018.

Aguete Cajiao, Alba (2018): "O vocalismo da mocidade universitaria actual", *XII Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudos Galegos, Novos horizontes para unha Galicia global: Redes, Territorio, Memoria*. Madrid, Asociación Internacional de Estudos Galegos, Universidad Complutense de Madrid, 10-15 de setembro de 2018.

Aguete Cajiao, Alba (2018): "Contacto de linguas e variedades na emerxencia de novos modelos de vocalismo en galego", *Simposio ILG 2018: Variedades lingüísticas en contacto na Península Ibérica*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 12-14 de novembro de 2018.

Aguete Cajiao, Alba / Elisa Fernández Rei (2018): "Contribución ao estudo comparado do vocalismo átono inicial do galego e do portugués", *Congresso Internacional em Variação Lingüística nas Línguas Românicas*, Aveiro, Universidade de Aveiro, 2-4 de maio de 2018.

Álvarez, Rosario (2018): "Ás dúas beiras do Miño/Minho: fonética galega e fonética portuguesa". *Português. Identidades. Fonéticas*. Zürich, Cátedra Carlos de Oliveira, Romaniches Seminar - Universität Zürich, 20-21 de abril de 2018. [<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/16705>].

Álvarez, Rosario (2018): "Universidade = docencia + investigación + xestión + transferencia", en *O professor universitario entre a docência e a investigação*. Porto, Universidade do Porto, 2 de outubro de 2018.

Álvarez, Rosario (2018): "Repensar Iberia... desde a fachada atlántica", en *Repensar Ibéria*. Vila Real (Portugal), Fundação da Casa de Mateus / Consello da Cultura Galega, 12-14 outubro 2018.

Álvarez, Rosario (2018): "O estudo lingüístico e filolóxico da lingua galega. Perspectiva desde Galicia", no panel *La lengua gallega en la encrucijada. Perspectivas lingüísticas*, en *III North American Symposium of Galician Studies: Galician Studies Moving West*. Conferencia de clau-

suras. Denver, Regis University / Metropolitan State University of Denver / Colorado College, 18-20 de outubro de 2018.

Álvarez, Rosario / Ernesto González Seoane (2018): "Ferramentas para o estudo da produción escrita en galego na Idade Moderna. Aspectos metodolóxicos da edición e anotación dos textos en Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna", *XII Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudos Galegos, Novos horizontes para unha Galicia global: Redes, Territorio, Memoria*. Madrid, Asociación Internacional de Estudos Galegos, Universidad Complutense de Madrid, 10-15 de setembro de 2018.

Álvarez de la Granja, María (2018): "Corpus de textos de estudantes galegos (CORTEGAL). Aspectos metodolóxicos", en *XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral*. Vigo, Universidade de Vigo, 13-15 de xuño de 2018.

Álvarez de la Granja, María / Ernesto González Seoane (2018): «Efectos do contacto galego-español no léxico dispoñible da mocidade en Galicia», *III North American Symposium of Galician Studies: Galician Studies Moving West*. Denver, Regis University / Metropolitan State University of Denver / Colorado College, 18-20 de outubro de 2018.

Álvarez Pousa, Concepción (2018): «O vianés e o galego da área zamorana. Particularidades en común destas variedades do galego oriental», *XII Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudos Galegos, Novos horizontes para unha Galicia global: Redes, Territorio, Memoria*. Madrid, Asociación Internacional de Estudos Galegos, Universidad Complutense de Madrid, 10-15 de setembro de 2018.

Boullón Agrelo, Ana Isabel (2018): "Principais compoñentes semánticos da toponimia galega. Unha aproximación cuantitativa", *V Coloquio de Lingüística Histórica. Lingüística histórica e toponimia galego-portuguesa*. Conferencia inaugural. Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela, 25-26 xaneiro de 2018.

Domínguez Oroña, María Beatriz (2018): "Factores que condicionan a aceptación da diátese causativa de quecer en galego", *VI Encontro da Mocidade Investigadora en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 12-13 de xuño de 2018.

Domínguez Oroña, María Beatriz (2018): "Alternancia de *quentar* e *quecer* en construcións causativas do galego", *XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral*, Vigo, Universidade de Vigo, 13-15 de xuño de 2018.

Domínguez Oroña, María Beatriz (2018): "Variación sintáctica no galego actual: a causativización", *XII Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudos Galegos, Novos horizontes para unha Galicia global: Redes, Territorio, Memoria*. Madrid, Asociación Internacional de Estudos Galegos, Universidad Complutense de Madrid, 10-15 de setembro de 2018.

Dopazo Entenza, José Manuel (2018): "Influencia del español en el gallego de A Illa de Ons", *VII Jornadas de iniciación a la investigación*. Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 12-15 de marzo de 2018.

Dubert García, Francisco (2018): "Contínuum xeolectal constitutivo na Península Ibérica", *Congresso Internacional em Variação Linguística nas Línguas Românicas*. Conferencia de clausura. Aveiro, Universidade de Aveiro, 2-4 de maio de 2018.

Dubert García, Francisco (2018): "Evolución autónoma e contacto cos romances centrais na constitución histórica do galego", *III North American Symposium of Galician Studies: Galician*

Studies Moving West. Denver, Regis University / Metropolitan State University of Denver / Colorado College, 18-20 de outubro de 2018.

Dubert García, Francisco (2018): "Liberarse das fronteiras. O contínuum xeolingüístico do noroeste ibérico", *Jornadas em Variação e Cartografia Lingüística*. Conferencia por convite. Aveiro, Universidade de Aveiro, 9 de novembro de 2018.

Dubert García, Francisco (2018): "A gramática na Gramática de Saco Arce", *Homenaxe a Juan Antonio Saco Arce. 150 aniversario da publicación da Gramática Gallega*. Ourense, Real Academia Galega, 22 de novembro de 2018.

Dubert García, Francisco (2018): "As linguas en contacto", *I Feira de Innovación da USC-ABANCA*. Santiago de Compostela, Centro de Innovación Cultural (CINC), 27 de novembro de 2018.

Fernández Rei, Elisa (2018): "A entoación das variedades ibéricas occidentais: xeoprosodia, contacto e cambio lingüístico", *Congresso Internacional em Variação Lingüística nas Línguas Românicas*. Aveiro, Universidade de Aveiro, 2-4 maio de 2018.

Fernández Rei, Elisa (2018): "A entoación das interrogativas totais no Oeste da Península Ibérica. Aproximación diacrónica", *XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral*. Vigo, Universidade de Vigo, 13-15 de xuño de 2018.

Fernández Rei, Elisa (2018): "El asturiano y las áreas geoprosódicas del occidente ibérico", *XXXVII Xornaes Internacionais d'Estudiu*. Oviedo, Academia de la Llingua Asturiana, 6-8 de novembro de 2018.

Fernández Rei, Elisa / Xosé Luís Regueira (2018): "Neofalantes e paleofalantes: a emerxencia de novas identidades sociolingüísticas", *XII Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudos Galegos, Novos horizontes para unha Galicia global: Redes, Territorio, Memoria*. Madrid, Asociación Internacional de Estudos Galegos, Universidad Complutense de Madrid, 10-15 de setembro de 2018.

Fernández Rei, Francisco (2018): "O Atlas Lingüístico Galego (ALGa). Orixe, resultados inmediatos e cartografado do material", *I Ciclo de conferencias: Lingua galega e dialectoloxía*. Conferencia por convite. Vigo, Universidade de Vigo, 3, 17 e 24 de abril de 2018.

Fernández Rei, Francisco (2018): "Marco legal e situación das minorías étnico-lingüísticas de Italia", *Giornate Internazionali sulla Situazione Linguistica in Italia*. Conferencia por convite. A Coruña, Rede de Lexicografía RELEX / Universidade da Coruña, 23-24 de outubro 2018.

Fernández Rei, Francisco (2018): "Olimpio Arca Caldas, mestre do pobo e mestre multidisciplinar". Conferencia. A Estrada, Asociación Cultural "Vagalumes", 16 de novembro.

Fernández Rei, Francisco (2018): Coordinador da mesa redonda "Proxectos internacionais en curso no ámbito da Lingüística Románica" nas *Xornadas de Lingüística Románica*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 14-15 de novembro do 2018.

Ginzo, María José / Rosa Crujeiras / Xulio Sousa (2018): "Patrones de regionalización de los apellidos en Asturias", *XXXVII Congreso Nacional de Estadística e Investigación Operativa (SEIO 2018)*. Oviedo, Universidad de Oviedo, 29 de maio-1 de xuño de 2018.

Ginzo, María José / Xulio Sousa (2018): "De palabras a números: a análise cuantitativa de datos lingüísticos", *Para que serven os datos lingüísticos?*, Santiago de Compostela, Rede TeCAnDaLi / Consello da Cultura Galega, 29 de novembro de 2018.

González González, Manuel (2018): "Constantino García, esteo da lingüística galega e alma do CRPIH", *Xornadas conmemorativas do 25º aniversario da creación do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades*. Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades. 12 de xullo de 2018.

